



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se crea a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Asesor do Libro

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Deusto/Deustuko Unibertsitatea para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Salamanca para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e cultura galegas



- Acordo polo que se ratifica a Resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral pola que se ordena a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acordo de aprobación definitiva do Plan parcial para o desenvolvemento do S.U.-18 e do plan especial para a protección do sistema xeral E25D en Montalvo-Adina, aprobado polo Concello de Sanxenxo, o 7 de maio de 2007, así como contra o rexeitamento, polo Concello de Sanxenxo, do requirimento efectuado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de data do 3 de xullo de 2007, solicitando a anulación do referido acordo
- Acordo polo que se ratifica a Resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral pola que se ordena a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acordo de aprobación definitiva do Plan parcial para o desenvolvemento do S.U.-22, en Major-Noalla, aprobado en pleno polo Concello de Sanxenxo, o 7 de maio de 2007, así como contra o rexeitamento, polo Concello de Sanxenxo, do requirimento efectuado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de data do 21 de xuño de 2007, solicitando a anulación do acordo de aprobación definitiva

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de apoio financeiro 2007 aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio polo miúdo nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades de garantía recíproca adheridas, no contexto da convocatoria de axudas do Igape na que actuarán como entidades colaboradoras

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a *Asociación Española de la Carretera* para a realización dun curso de formación de auditores de seguridade viaria

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento, no marco do *Plan Avanza*, do programa *Peme Dixital*



## **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Bergondo para a realización das obras de construción do centro sociocultural da Senra
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Porto de Son para a realización das obras de construción da Casa de Cultura de Xuño

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Entrimo para a promoción dos viveiros de emprego nos servizos de ambiente nas zonas de Galicia incluídas na Rede Natura 2000, en execución do I Plan Integral de Emprego en Galicia, por importe de 200.000 euros

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Informe sobre actuacións de saneamento nas rías galegas 2005-2007



## O SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL FACILITARÁ O DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS DEPENDENTES OU CON DISCAPACIDADE

- *O novo servizo público aprobado hoxe polo Consello da Xunta implantarase de xeito progresivo co obxectivo de que en 2009 funcione con normalidade en todo o territorio galego*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, que será coñecido como o O65 social. Este novo servizo está destinado a aquelas persoas que por razóns persoais non poidan utilizar o transporte público de viaxeiros pola súa condición de discapacitados ou dependentes. O servizo público de carácter social regulado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar facilitará o desprazamento programado e non urxente das persoas con problemas de mobilidade, sempre baixo condicións de máxima seguridade, cos medios precisos e co apoio de persoal de acompañamento durante o traslado.

Segundo se establece no decreto aprobado hoxe, para acceder a este servizo será necesario ter recoñecida a existencia de dificultades de mobilidade que impidan a utilización de transportes públicos, atoparse nunha situación de dependencia ou ter recoñecido un grao de minusvalidez superior ao 65 por cento. As persoas que cumpran un destes requisitos disporán dunha tarxeta identificativa e poderán beneficiarse desta iniciativa para cubrir así as súas necesidades básicas de desprazamento. A determinación da porcentaxe de participación dos usuarios no financiamento do servizo virá determinada pola capacidade económica persoal do solicitante, sendo o servizo gratuíto para as persoas con ingresos iguais ou inferiores ao 75% do IPREM. O decreto regula un servizo á demanda, non regular nin para urxencias. Está destinado a aqueles cidadáns cuxa solicitude teña sido avaliada de xeito positivo segundo os baremos do decreto.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal realizarase en función dunha serie de prioridades, como son a necesidade de acudir a consultas ou tratamentos sanitarios do sistema público, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario; trasladarse a centros ou equipamentos do sistema de servizos sociais como residencias, centros de día ou outros equipamentos de aloxamento temporal ou permanente dos cales sexan usuarios; acudir a centros ou equipamentos do sistema de servizos sociais que, non tendo carácter de aloxamento, dispoñen de programas ou actividades ás que acoden ou deban acudir como usuarios; realizar actividades relacionadas coa vida diaria autónoma e co seu desenvolvemento persoal; ou asistir a actividades de carácter educativo ou formativo.



A través desta orde de prioridades, en que tamén se ten en conta a idade dos solicitantes, a Xunta pretende poñer a disposición das persoas con discapacidade e/ou dependentes os medios axeitados para facilitarlles a mobilidade, ao tempo que se garante o seu acceso en igualdade de condicións a servizos de calquera tipo, favorecendo así a súa plena integración e participación no seu contorno habitual. O obxectivo é implantar de xeito progresivo a prestación deste servizo a través de diversas experiencias piloto que poderán comezar neste ano, de xeito que a finais do ano 2009 o servizo funcione con normalidade en todo o territorio galego.

Este servizo terá un custe de implantación para este ano de 6 millóns de euros e, unha vez implantado, o seu custo anual consolidado ascenderá a 33.669.163,53 euros.

### **Condicións e seguridade**

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal procurará adaptarse, na medida do posible, á demanda de desprazamento do usuario. Así, cando os usuarios precisen da realización dun desprazamento que estea cuberto por este servizo deberán contactar con antelación coa unidade competente, indicando o seu número de tarxeta de usuario e as circunstancias que sexan necesarias para a organización do servizo.

Durante os traslados os usuarios disporán dunha persoa que os acompañará para prestarlles o apoio necesario durante o percorrido. Os vehículos empregados cumprirán a normativa de accesibilidade e supresión de barreiras e estarán adaptados para o transporte de persoas en cadeiras de rodas. Ademais, terán unha capacidade mínima de sete persoas e máxima de doce prazas de configuración mixta, de xeito que permita unha acomodación flexible ás necesidades do servizo. Como novidade, os vehículos estarán dotados de teléfono e integraranse nun sistema de control e localización GPS.



## A XUNTA APROBA A CREACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE FONDOS COMUNITARIOS

- *O novo organismo velará pola coherencia entre os fondos e as actividades e políticas da UE e pola súa complementariedade cos instrumentos financeiros da Xunta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación da Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios que ten como finalidade servir de instrumento de coordinación e complementariedade dos fondos estruturais e sectoriais, na procura dos obxectivos establecidos no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (Mecega) 2007-2013, e nos respectivos programas operativos. Segundo recolle o decreto, a comisión terá carácter consultivo para a Consellería de Economía e Facenda –á cal estará adscrita- e contará con membros das consellerías do Medio Rural, de Traballo e de Pesca.

Entre as funcións da Comisión estará a de velar pola coherencia dos fondos coas actividades e políticas da Unión Europea, así como pola complementariedade respecto de instrumentos financeiros da Xunta. Igualmente, a Comisión supervisará o seguimento dos programas operativos e elaborará e proporalle ao conselleiro de Economía os procedementos de coordinación entre a política de cohesión autonómica no Mecega e as políticas sectoriais dos plans estratéxicos das consellerías afectadas. A Comisión tamén poderá fixar para cada programa operativo os criterios de delimitación entre operacións apoiadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), o Fondo Social Europeo (FSE) e as apoiadas por outros instrumentos comunitarios; así como as que apoie o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e o Fondo Europeo de Pesca (Fep). Por último, a nova Comisión poderá asumir outras funcións que lle encomende a Consellería de Economía a prol dunha xestión eficaz e eficiente dos fondos europeos no período 2007-2013.

A creación desta comisión está recollida no Marco Estratéxico Nacional de Referencia (MENR) 2007-2013 e responde á necesidade de garantir a coordinación dos fondos entre si e cos outros instrumentos financeiros existentes, así como co Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI). A coordinación debe estenderse tamén á elaboración de plans financeiros complexos e ás asociacións público-privadas.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A REFORMA DA ESTRUTURA ORGÁNICA DE MEDIO RURAL PARA ACOMODALA A NOVAS COMPETENCIAS

- *Ao modificar a estrutura orgánica, poderase aplicar con maior eficacia o fondo comunitario FEADER, destinado ao desenvolvemento rural*
- *Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural transfórmase o actual Servizo de Coordinación Comarcal no Servizo de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural*
- *Na Secretaría Xeral créase unha Subdirección Xeral de Apoio Xurídico, ca fin de reforzar o asesoramento e a elaboración de ditames xurídicos*

O Consello da Xunta vén de aprobar a reforma da estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural mediante a modificación do Decreto 562/2005, do 1 de decembro, para adaptarse a novas necesidades e dar unha resposta máis eficaz ás súas competencias e funcións, entre elas a creación do Servizo de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural para a xestión de recursos comunitarios do FEADER, a integración do Instituto Galego de Calidade Alimentaria e a creación da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico, segundo acordou o Consello da Xunta.

Unha vez adaptada parcialmente a estrutura orgánica do FOGGA para a aplicación do FEAGA, que engloba os pagamentos directos aos agricultores e agricultoras no marco da PAC, cómpre agora modificar a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural para a xestión doutro fondo comunitario destinado ao desenvolvemento rural, o FEADER, co fin de exercer as competencias con maior eficacia e coordinación entre os distintos servizos.

Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural transfórmase o actual Servizo de Coordinación Comarcal no Servizo de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural que se encargará de garantir a aplicación eficaz e eficiente das actuacións relativas á axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER. Entre esas funcións, destacan a supervisión da xestión do programa por parte dos órganos encargados da execución das medidas adoptadas, a realización das avaliacións do programa e dos informes intermedios anuais, a dirección das actividades do Comité de Seguimento, a garantía do cumprimento das obrigas de publicidade e información e a posta a disposición do organismo pagador da información relativa a procedementos de controis previos á autorización de pagamentos.

O decreto aprobado polo Consello da Xunta responde, xa que logo, a esa necesidade e establece modificacións puntuais na Secretaría Xeral e na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Na Secretaría Xeral créase unha Subdirección Xeral de Apoio Xurídico, co fin de reforzar o asesoramento e elaboración de ditames xurídicos, tendo



en conta que o novo escenario de programación e xestión de fondos comunitarios requirirá da interpretación da normativa aplicable por parte da consellería.

Por outra banda, tamén se dá unha nova redacción ao artigo destinado a regular as funcións da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, co fin de reforzar a súa consideración de centro directivo encargado de coordinar toda a formación destinada ao sector agrario no seu conxunto. Neste sentido efectúanse tres modificacións puntuais, como a previsión da posibilidade de exercer accións formativas tamén ao sector do asociacionismo agrario en colaboración con outros centros directivos da consellería; a previsión de realizar accións formativas de carácter técnico-agrario, dirixidas de xeito específico ao persoal da consellería que desempeñe as súas funcións en contacto permanente co sector agrario e, finalmente, a realización das funcións en relación cos observatorios de prezos dos produtos agrarios, en sintonía coa regulación prevista no Decreto 61/2007, do 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio do sector lácteo en Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento.

Finalmente, logo da aprobación do regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria por medio do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, inclúese a súa adscrición á Consellería do Medio Rural.





## O CONSELLO ASESOR DO LIBRO FUNCIONARÁ COMO ORGANISMO PERMANENTE DE ESTUDO E ASESORAMENTO Á ADMINISTRACIÓN CO OBTXECTIVO DE FOMENTAR O HÁBITO LECTOR NA SOCIEDADE GALEGA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o regulamento e a composición dun ente que ten como funcións a elaboración de informes de seguimento dos índices de lectura da poboación e da produción editorial realizada en Galicia en lingua galega, así como de propostas encamiñadas ao fomento do hábito lector*
- *Encargarase da elaboración de estratexias para a promoción da literatura galega no exterior*
- *Con carácter trianual, o Consello Asesor organizará o Congreso do Libro Galego*

O Consello Asesor do Libro será desde hoxe o encargado da análise e do potenciamento da produción editorial realizada en Galicia e en galego, así como da extensión do hábito de lectura entre a poboación da Comunidade. Así o aprobou o Consello da Xunta desta mañá, de acordo coa Lei 17/2006 do 27 de decembro, que crea no seu artigo 25 este organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento á Administración autonómica.

A elaboración de informes anuais referentes aos índices de lectura e á produción editorial será un dos labores deste consello asesor, que deberá ademais formular propostas de actuación para o fomento da lectura e para a mellora dos diferentes subsectores de edición e comercialización do libro.

Ademais, o Consello Asesor do Libro elaborará unha guía de recursos para o fomento da lectura e promoverá foros de intercambio e debate entre os diferentes axentes do libro, e con carácter trianual organizará o Congreso do Libro Galego.

A actualización anual dos datos referentes a todos os sectores relacionados coa edición e comercialización editorial tamén estará entre os cometidos do organismo que se acaba de crear. Con este fin, realizará a Axenda do Libro Galego, que funcionará como compilación actualizada de información útil.

O Consello Asesor do Libro Galego tamén será o encargado de elaborar informes e estratexias que sirvan para a promoción da literatura galega no exterior, e participará na comisión de seguimento do plan anual de publicacións do Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia.

Por último, hai que indicar que este organismo está composto por un total de quince membros con voz e voto pertencentes aos diferentes sectores relacionados co libro galego e ás administracións públicas, e presididos pola conselleira de Cultura.



## **POLÍTICA LINGÜÍSTICA E AS UNIVERSIDADES DE DEUSTO E SALAMANCA RENOVAN A COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN EXTERIOR DO GALEGO**

- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística dálles continuidade aos convenios de colaboración que vén subscribindo coas universidades de Deusto e Salamanca para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas*
- *Un total de 35 lectores e 43 centros de estudos galegos integran a rede exterior de difusión da lingua e cultura galegas no exterior*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e as universidades de Deusto e Salamanca van seguir mantendo a liña de colaboración, que desenvolven desde hai anos, para a difusión exterior do galego. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Administración galega e estas universidades.

Política Lingüística dálle continuidade deste xeito á súa liña de subscribir convenios con universidades de prestixio que estean interesadas en incluír o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas nos seus plans de estudo.

A docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas son o obxecto da colaboración entre estas institucións académicas e a Administración galega. Ademais de impartir as materias de lingua, literatura e cultura galegas, os lectorados de Deusto e Salamanca desenvolverán outro tipo de actividades relacionadas coa investigación, a difusión e a promoción da lingua, como a organización de seminarios, congresos ou exposicións, que se desenvolverán tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Cos lectorados de Deusto e Salamanca son un total de 35 lectores os que integran a rede de difusión exterior do galego, aos que hai que engadir 43 centros de estudos galegos. Este curso incorpóranse á rede tres novos destinos, a Universidade Albertiana de Kiel (Alemaña), a de Zadar (Croacia) e a de San Paulo (Brasil).



## **A XUNTA INTERPÓN ANTE A SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TSXG OS RECURSOS CONTRA OS PLANS URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE SANXENXO EN MAJOR E MONTALVO POR INCUMPRIR A LEI DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

- *A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizou previamente senllos requirimentos ao concello para que anulase os plans, que non foron atendidos pola entidade local*

A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia presentou o pasado 30 de agosto ante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TXSG) os recursos contra o acordo do Concello de Sanxenxo pola aprobación dos plans parciais de solo urbanizable en Major e Montalvo por incumprir a Lei de Avaliación Ambiental Estratéxica.

A decisión adóptase despois de que o Concello non atendese os requirimentos da Consellería de Medio Ambiente, a través da súa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, para que anulase os citados plans, despois de constatar que a entidade incumpriera a obrigatoriedade de someter os proxectos a avaliación estratéxica Ambiental en cumprimento da Lei 9/2006 sobre a a avaliación dos efectos de determinados plans e proxectos no ambiente. Nos seus recursos, a Asesoría Xurídica Xeral solicita a publicación no *Diario Oficial de Galicia* de ambos os expedientes.

### **Major-Noalla**

O primeiro dos recursos presentados refírese ao Plan Parcial para o desenvolvemento de Solo Urbanizable (S.U.) 22 Major-Noalla para construír 161 vivendas, nunha superficie de 69.186 metros cadrados. Neste caso, o Concello de Sanxenxo aprobou o plan de xeito definitivo sen telo sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, a pesar de que así llo comunicara a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. O incumprimento desta normativa motivou que o 21 de xuño deste ano o departamento autonómico fixese un requirimento ao Concello de Sanxenxo para que anulase, no prazo dun mes, o plan de Major-Noalla. Transcorrido este prazo e ante a falta de resposta da entidade local, a consellería iniciou o procedemento para a presentación do recurso contencioso-administrativo, que tivo lugar o pasado 30 de agosto.

### **Montalvo**

No caso do Plan parcial para o solo urbanizable 18 Montalvo-andina, o Concello de Sanxenxo non chegou a remitir á Consellería de Medio Ambiente o proxecto, ao contrario de Major-Noalla, que si foi recibido no departamento autonómico. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, tras coñecer pola súa publicación no



*Diario Oficial de Galicia (DOG)* a súa aprobación definitiva, fixo un requirimento ao concello para que o anulase por non terse sometido á Avaliación Ambiental Estratéxica. O requirimento foi enviado ao Concello de Sanxenxo o 5 de xullo, sen que este lle dese resposta, motivo polo cal se iniciou o proceso para a presentación do contencioso-administrativo, que tivo lugar o pasado 30 de agosto.

### **Terceiro caso**

Por outra banda, na xornada de onte a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible comunicoulle ao Concello de Sanxenxo a exixencia de anular o Plan parcial de S.U. 25 Telleiro-Noalla por incumprimento da Avaliación Ambiental Estratéxica, no que sería o terceiro proxecto urbanístico desta localidade que incumpre a citada normativa ambiental. Nesta ocasión, ao igual que nas dúas anteriores, a Consellería de Medio Ambiente comunicoulle ao concello que interpoñerá recurso contencioso-administrativo se non anula de oficio o plan.



## O IGAPE HABILITARÁ UNHA LIÑA ESPECIAL PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS EN FERROL, EUME E ORTEGAL DAS PEMES DOS SECTORES TURÍSTICO, HOSTALEIRO E DO COMERCIO POLO MIÚDO

- *Os investimentos que poderán acollerse á subsidiación do financiamento estarán comprendidos entre un mínimo de 3.500 e un máximo de 90.000 euros*
- *Os beneficiarios que opten polo tipo de xuro fixo poderán financiar investimentos con préstamos a un xuro efectivo do 2%*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Ilgape) dependente da Consellería de Economía e Facenda facilitará o financiamento dos investimentos que realicen en Ferrol, Eume e Ortegaleira as pequenas e medianas empresas dos sectores turístico, hostaleiro ou do comercio polo miúdo. Isto será posible grazas a un convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que o Instituto asinará coas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca colaboradoras.

A modernización do turismo, do comercio retalista e da hostalaría nas citadas comarcas é un aspecto esencial das liñas estratéxicas contidas no Proxecto Integral de desenvolvemento destas comarcas que está a coordinar o Ilgape, e que prevé un investimento público total de 1.163 millóns de euros. A liña financeira habilitada mediante o convenio que será suscrito en datas próximas servirá para impulsar a competitividade deste amplo sector empresarial, potenciando a calidade, a eficiencia e a imaxe dos establecementos hostaleiros e comerciais das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegaleira.

Nas operacións que se aproben ao abeiro deste convenio, a subsidiación concedida polo Ilgape será de catro puntos porcentuais, polo que os beneficiarios que escollan a opción do xuro fixo poderán financiar investimentos con préstamos a un xuro final efectivo do 2%.

Poderán beneficiarse desta liña financeira os investimentos en inmovilizado material novo: obras de reforma en xeral, obras de novo establecemento, reformas estruturais, instalacións básicas, equipamento e mobiliario, entre outras actuacións. Tamén se poderán financiar por esta vía investimentos inmateriais, cun límite do 25% do total do investimento subvencionable do proxecto.

O investimento mínimo subvencionable será de 3.500 euros e o máximo de 90.000 euros. O importe a financiar con dereito a subsidiación poderán chegar ata o 90% deses importes.



## **POLÍTICA TERRITORIAL E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA CARRETERA FORMARÁN AUDITORES DE SEGURIDADE VIARIA**

- *O curso terá como obxectivo a diminución dos accidentes de tráfico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a *Asociación Española de la Carretera* para a realización dun curso de formación de auditores de seguridade viaria. Este curso de especialización permitirá que o persoal técnico do Departamento de Estradas adquira coñecementos actualizados en materia de seguridade nas infraestruturas viarias como son a realización das auditorías, os aspectos previos que hai que ter en conta ou a xestión da seguridade viaria.

O obxectivo deste convenio pretende fomentar o traballo en equipo entre os profesionais, así como incidir na importancia da elaboración de informes que contribúan ao desenvolvemento de estratexias para mellorar a seguridade viaria. Con este fin a Dirección Xeral de Obras Públicas formará 15 dos seus enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. Respecto ao citado convenio, a CPTOPT achegará ata un máximo de 60.000 euros distribuídos en dúas anualidades. Pola súa parte, a *Asociación Española de la Carretera* redactará o material pedagóxico do curso, impartirá as áreas específicas e realizará un seguimento do curso e dos alumnos. Para a execución do curso contarase coa colaboración da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña.

## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA POTENCIAR A IMPLANTACIÓN DO NEGOCIO ELECTRÓNICO NAS PEMES**

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración do Plano Avanza co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio*

A Consellería de Innovación e Industria e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio asinarán unha adenda ao convenio de colaboración do Plano Avanza, para poder desenvolver o programa PEME dixital, conforme autorizou o Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe. O devandito programa oríentase a aumentar a implantación do negocio electrónico, incluíndo en particular a aplicación da factura electrónica.

Para conseguir estes obxectivos están previstas diversas actuacións coma un programa de axudas para a realización de eventos e formación en si, a incorporación das NTIC a micropemes lideradas por mulleres, un sistema de xestión de trazabilidade de produtos ao longo da cadea alimentaria e outro na cadea comercial de produtos da pesca e acuicultura ou o desenvolvemento da televisión dixital mediante novos contidos e servizos interactivos. Así mesmo, tamén están previstos o desenvolvemento de novas solucións TIC para a mellora de competitividade e a produtividade nas PEMES, a implantación de solucións TIC innovadoras para a xestión integral das PEMES en sectores sensibles de Galicia, solucións sectoriais para a implantación de sistemas de visión artificial e a análise da situación actual e posibilidades de futuro das TIC nas cooperativas agrarias.

Por outra banda, levaranse a cabo o deseño, desenvolvemento e implementación dunha aplicación informática común para as cooperativas agrarias galegas; a creación dunha plataforma de apoio técnico á oferta de aloxamento e oferta turística complementaria do espazo rural de Galicia e unha experiencia piloto na implantación dun sistema de transporte público adaptado á demanda das bisbarras periféricas da Galicia oriental e a das persoas con discapacidade ou dependentes e persoas maiores de 65 anos.

Por último, cómpre salientar a intención desta adenda de promover o uso das ferramentas informáticas no medio rural utilizando como axentes de introdución ás mulleres que traballen nas explotacións agrarias familiares de Galicia. Deste xeito, combátense dúas fendas dixitais importantes, a do medio rural ao respecto do urbano e a das mulleres ao respecto dos homes.





## O GOBERNO GALEGO ACHEGA 400.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DA SENRA, EN BERGONDO, E DA CASA DA CULTURA DE XUÑO, EN PORTO DO SON

- *O investimento en ambos os concellos repartirase en dúas cantidades iguais, unha para este ano e a outra para 2008*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa xuntanza de hoxe destinar unha contía de 200.000 euros ao financiamento da construción do Centro Sociocultural da Senra no concello coruñés de Bergondo. O orzamento dividirase en dúas anualidades, unha de 100.000 euros para o presente 2007 e a mesma cantidade para o vindeiro ano.

Do mesmo xeito, o Executivo autonómico deu luz verde esta mañá ao gasto doutros 200.000 euros como achega para a construción da Casa da Cultura de Xuño, no concello coruñés de Porto do Son. Tamén neste caso se trata dunha axuda dividida en dúas anualidades de 100.000 euros cada unha e correspondentes ao ano 2007 e 2008.

A Consellería de Cultura e o concello de Bergondo pretenden acometer as obras de construción dun centro sociocultural, que recibirá o nome de Centro Sociocultural da Senra, coa finalidade de satisfacer mediante unha axeitada oferta as necesidades culturais dos seus habitantes. Trátase dun proxecto similar ao que se levará a cabo en Porto do Son e que levará o nome de Casa da Cultura de Xuño.

O departamento de Cultura e Deporte do Goberno galego pretende solucionar con esta achega a carencia de instalacións de carácter sociocultural nestes concellos, que se atopan con dificultades de programar actividades culturais ao longo de períodos amplos, debido á súa imposibilidade de situalas nun espazo que actúe como centro radial destas.

Ante esta situación a Xunta de Galicia considera oportuno colaborar no financiamento das obras de construción dos devanditos centros, polo interese que representan para o desenvolvemento cultural deste municipio, destinando cantidades de 200.000 euros para o financiamento das respectivas obras, coa entrega de 100.000 euros este ano e outros 100.000 en 2008 a cada centro.

Estas actuacións forma parte dunha serie de medidas que a Consellería de Cultura e Deporte ten previstas de cara á recuperación da nosa cultura entre a poboación galega. O departamento de Ánxela Bugallo trata de establecer convenios de colaboración cos concellos do país para que no seu respectivo ámbito municipal poidan realizar actividades que se consideren de interese e utilidade social e cultural.





Neste senso, o Goberno galego decidiu dotar de infraestruturas culturais aqueles concellos que carecían delas, e mellorar as existentes co fin de que fosen operativas e cumprisen co obxectivo para o que foron construídas. Os concellos coruñeses de Arzúa, Carballo ou Vimianzo foron algúns dos que recentemente se beneficiaron deste programa de equipamento social e cultural que a Consellería de Cultura ven desenvolvendo desde hai varios anos.



## **MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 200.000 EUROS NA REHABILITACIÓN DO EDIFICIO QUE ALBERGARÁ O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA E DO POBOADO DAS PALLOZAS NO CONCELLO OURENSÁN DE ENTRIMO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello para acometer ambos os proxectos, enmarcados no programa de promoción dos viveiros de emprego nas zonas incluídas na Rede Natura 2000*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, investirá 200.000 euros este ano para a rehabilitación dun edificio que albergará o Centro de interpretación da natureza e do poboado das pallozas da Carballeira, ambos os proxectos no concello ourensán de Entrimo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e o Concello para realizar estas obras, enmarcadas no programa de promoción dos viveiros de emprego nos servizos de ambiente incluídos na Rede Natura 2000, en execución do *I Plan Integral de Emprego de Galicia*.

O convenio ten por obxecto o financiamento do material necesario para realizar actuacións tendentes a mellorar as oportunidades de emprego nos concellos incluídos na Rede Natura. Neste senso, o convenio co Concello de Entrimo permitirá adquirir o material para acometer o proxecto de rehabilitación do edificio que se destinará a Centro de interpretación da natureza, así como a rehabilitación e acondicionamento do poboado de pallozas da Carballeira.

### **Centro de Interpretación da Natureza**

A construción do Centro de Interpretación da Natureza comprende a rehabilitación integral dunha casa típica da burguesía rural galega de principios do século XX. A obra incluirá a reconstrución das estruturas de madeira, así como as divisións interiores para a súa adaptación como centro de interpretación, ademais de instalacións de saneamento, calefacción, instalación eléctrica, colocación de portas e ventás, pintura e material de xardinaría, entre outras. A Consellería de Medio Ambiente achegará 93.393 euros máis IVE para a adquisición do material necesario para a adecuación do edificio.

### **Rehabilitación das pallozas**

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente tamén financiará á adquisición do material necesario para a rehabilitación das cortes ou pallozas da Carballeira; un conxunto histórico-etnográfico composto por estas edificacións que eran anteriormente utilizadas para os rabaños de gando da zona.



As obras centraranse na recuperación das pallozas para un uso turístico e formativo, e incluírán a reconstrución das cubertas, muros e carpintarías así como a dotación a todo o conxunto das infraestruturas necesarias para o seu aproveitamento, entre as que se inclúen a instalación de saneamento, calefacción, instalación eléctrica, portas e ventás e material de xardinaría, entre outros. O orzamento previsto para a compra do material é de 79.019 euros máis IVE.



## TODAS AS RÍAS GALEGAS CONTARÁN CON SISTEMA DE DEPURACIÓN TERCIARIO NO 2010

- *A Consellería de Medio Ambiente, ademais de licitar este ano 13 depuradoras na franxa costeira, está dotando de sistemas de desinfección a todas as depuradoras que non o tiñan no ano 2005 e incorporando este tratamento a todas as que están en execución ou que están en trámite*
- *En 2005, a totalidade das rías galegas carecían deste sistema depurativo, agás a de Vigo que contaba cun mecanismo deficitario*
- *O plan para o saneamento integral das rías que está a executar garante que o 100% das depuradoras costeiras teñan sistemas de desinfección de coliformes, que son os que teñen incidencia directa na calidade das augas para a cría de moluscos*
- *O investimento de 650 millóns de euros supón o maior esforzo investidor feito nunca pola administración autonómica en materia de saneamento e depuración nas rías galegas*

A Consellería de Medio Ambiente, nalgúns casos xunto coa Confederación Hidrográfica do Norte, inviste máis de 650 millóns de euros en obras de depuración e saneamento en todas as rías galegas, con actuacións que terán unha incidencia directa na calidade das augas para a cría de moluscos. O obxectivo deste esforzo inversor é que no ano 2010 todas as rías galegas conten cun sistema de depuración terciario. Con este investimento o Goberno galego pretende arranxar o déficit existente en materia de depuración nas nosas rías. De feito, no ano 2005, a situación era totalmente deficitaria, xa que ningunha das rías contaba cun mecanismo de depuración adecuado. Nestes momentos, dos 650 millóns, 226 xa están en execución de obra e o resto en fase de licitación ou adxudicación.

Neste intre, están en construción dez depuradoras nas rías galegas, mentres que xa foron aprobadas polo Consello da Xunta seis máis, das cales cinco foron licitadas (Bergondo, Muros, Baiona, Catoira e Xove) e unha adxudicada (Fisterra). No que resta de ano, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible licitará outras sete estacións depuradoras máis en diferentes localidades das rías galegas (dentro das 20 que licitará en toda a Demarcación Galicia-Costa). A estas hai que engadirle a de Vigo, que terá un custe de 180 millóns de euros.

Coas 13 novas depuradoras costeiras (dentro do total de 21) que licitará este ano a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Galicia realizará o maior esforzo investidor da súa historia para sanear as rías galegas, cubrindo así un déficit histórico e insostible dalgunhas das poboacións máis importantes e poboadas do país que estaban a verter as súas augas residuais directamente ao mar sen tratamento algún.



Paralelamente, e para acadar o saneamento integral das rías, pensando especialmente na calidade das augas para a cría de moluscos, a Consellería de Medio Ambiente está a dotar de sistemas de desinfección (chamado tamén terciario) a 20 depuradoras que xa estaban en funcionamento en diferentes puntos da costa galega, ademais de incorporar este tratamento a todas as EDARs de nova construción e incluso as que están agora mesmo en execución.

O obxectivo é que o cento por cen das depuradoras siatuadas nas rías galegas, tanto as xa existentes como as que se están a construír, as xa licitadas e as que se licitarán no 2007, teñan un sistema de desinfección axeitado para tratar os coliformes, responsables directos das oscilacións na calidade das augas para o marisqueo.

No caso das depuradoras que xa están en funcionamento, a dotación dos tratamentos terciarios estase a realizar mediante actuacións de emerxencia. É o caso das depuradoras de Neda, Miño, Cabanas-Pontedeume, Betanzos, Redondela, Cangas, Sada, Ponteceso, Cee-Corcubiión, Outes, Padrón, Rianxo, Vilagarcía, Boiro, Meaño, Pontevedra, Bueu, Sanxenxo ou Soutomaior, cun investimento que ronda os 15 millóns de euros.

O resto do investimento nas rías galegas, ata completar os 650 millóns de euros, está destinado a obras de carácter estrutural, que poñerán remedio definitivo aos vertidos ao mar dos núcleos de poboación de máis de 2.000 habitantes equivalentes.



RESUMO DO INVESTIMENTO NAS RÍAS GALEGAS A SETEMBRO DE 2007

RÍA	OBRAS ESTRUCTURAIS	OBRAS DE EMERXENCIA	INVESTIMENTO
RIBADEO	19.600.000		19.600.000
VIVEIRO	5.400.000	583.882	5.983.882
ORTIGUEIRA	6.900.000		6.900.000
CEDEIRA	8.200.000		8.200.000
FERROL	182.600.000	101.036	182.701.036
ARES BETANZOS	3.000.000	1.903.560	4.903.560
A CORUÑA	90.000.000		90.000.000
CORME LAXE	4.700.000	437.088	5.137.088
CAMARIÑAS	12.000.000		12.000.000
CEE CORCUBIÓN	1.200.000	288.888	1.488.888
MUROS NOIA	28.300.000	80.000	28.380.000
AROUSA	72.865.178	3.659.362	76.524.540
PONTEVEDRA	4.000.000	2.354.253	6.350.000
VIGO	204.900.000	4.740.145	209.640.000
<b>TOTAL</b>	<b>643.665.178</b>	<b>14.148.214</b>	<b>657.813.392</b>



**RESUMO DO INVESTIMENTO SEGUNDO O ESTADO DE EXECUCIÓN  
DAS ACTUACIÓNS**

<b>RÍAS</b>	<b>OBRAS ADXUDICADAS, LICITADAS OU EN TRÁMITE PARA A LICITACIÓN</b>	<b>OBRAS EN EXECUCIÓN</b>
RIBADEO	19.600.000	
VIVEIRO		5.983.882
ORTIGUEIRA		6.900.000
CEDEIRA	8.200.000	
FERROL	96.800.000	85.901.036
ARES BETANZOS	3.000.000	1.903.560
A CORUÑA		90.000.000
CORME LAXE	1.600.000	3.537.000
CAMARIÑAS	7.500.000	4.500.000
CEE CORCUBIÓN	1.200.000	288.888
MUROS NOIA	7.000.000	21.380.000
AROUSA	72.700.000	3.659.362
PONTEVEDRA	4.000.000	1.552.975



VIGO	208.778.000	861.236
------	-------------	---------

TOTAL	430.378.000	226.467.939
-------	-------------	-------------